

Como estás? e os síntomas xerais

Ana Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, ANA (2012 [2011]). “*Como estás? e os síntomas xerais*”. En *estaleiroeditora.blogaliza.org*. Anotación: 5 de decembro. <http://estaleiroeditora.blogaliza.org/files/2011/11/ASalgado_como_estas.pdf>. Reedición en *poesia-galega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1725>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, ANA (2011). “*Como estás? e o síntomas xerais*”. En *estaleiroeditora.blogaliza.org*. Anotación: 5 de decembro. <http://estaleiroeditora.blogaliza.org/files/2011/11/ASalgado_como_estas.pdf>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 16 de xaneiro de 2012 a partir do URL indicado. Consulta: 13/01/2012.

COMO ESTÁS? E OS SÍNTOMAS XERAIS

Ana Salgado

Se soubese algo de termodinámica diría cousa tal que *Como estás?* é un libro entrópico. A idea de partida débese a Miguel Mosqueira. Ao non ser así, direi que é un libro profundamente empático. A calor é aquí enerxía que non se perde, compártese con vontade igualitaria. Se comparece unha temperatura baixa é en xeados compartidos en Ourense ou no “des-comunal frío daqueles invernos” cando, así e todo “vivía / máis preto das túas mans que no champaña do frigorífico”.

As máis das puntadas do libro dáas Alexandra na súa tentativa de produción dunha lingua dos afectos. Atravesa *Como estás?*, onde tamén lemos: “A dúbida hiperbólica sobre o comunismo vira aquí no libro que / comezamos para dubidar hiperbolicamente sobre o amor”. Contra esta dualidade dubidante cremos que se escribiron moitos dos textos, aínda que non saibamos da opinión do poeta sobre o pensamento de Alain Badiou.

É *Como estás?* un texto de gozo. Se se roza e é comprendido, caduca. Cómpre recomenzar. Nalgún punto bateremos sempre con isto: “No que pensamos cando meditamos sobre *Como estás?* é nun corazón POLÍTICO. / Nunha internacional!”. Hai uns días escoiteille a Manuel Outeiriño que se cadra só queda, fronte á industria cultural hexemónica, unha escrita na que linealidade e decodificación non teñan espazo.

Hai en *Como estás?* unha comunidade non delimitada. Alexandra, Andreas, Rosa, Claudia, Adriana, Galicia. Se Rosa pode ser ao tempo Rosa Luxemburgo e Rosa de Castro, ndreas tamén pode ter moito de integrante da Baader Meinhof ou algo de Lou-Andreas Salomé. De certo volta a “lindísima imaxe de Ulrike” alumar no instante dun perigo.

Como estás? opera nun plano de pensamento feminista, non porque as súas páxinas se anden mulleres. Se cadra é porque a acción destas mulleres se aliña coa solución, nunca fai parte do problema. A balea vólvese aquí grande peixe, non papa barcos coma cereixas nin cospe cravos coma caguñas, está nas *Historia(s) do cinema* e xanta enteiro un modo de produción.

Trazando campo para *Como estás?* diríamos que quererá ir con outros libros lonxe da razón ilustrada, collido do brazo coma algunhas mulleres das fotografías de Virxilio Viéitez, esas en que nunha ollada primeira o contacto físico parece mínimo. *Cero* de Oriana Méndez, a falta de acaso en que Estaleiro o tire á luz canda (*repeat to fade*) de Rebeca Baceiredo, *Charenton* de Chus Pato, *Debaixo de Dziga Vertov hai unha buxaina* de Valentina Carro, *Fálame* de Antón Lopo, *Crac* de Gonzalo Hermo, *Viva Galicia Beibe* de Antón Reixa ou *Máquina de guerra* de Raida Rodríguez Mosquera estarían aquí, canda un sentido do humor que trae cousas do *Unicornio de cenorias* ou de certa escrita de Arturo Casas. Eles tamén colocarían a Galicia tratando coas pulgas da praia ou dobrando xornada laboral nunha lavandaría.